

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

2924 Orde FOM/421/2014, do 13 de marzo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

O Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, así como da Directiva 2009/131/CE da Comisión, do 16 de outubro de 2009, que modificaba o anexo VII da Directiva 2009/57/CE.

Posteriormente, o citado real decreto foi modificado pola Orde FOM/3218/2011, do 7 de novembro, pola que se modifican os anexos II, V e VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

A disposición derradeira cuarta do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, autoriza o ministro de Fomento para modificar os seus anexos cando sexa necesario como consecuencia do que dispoña a normativa comunitaria. De acordo coa dita autorización, dítase esta orde ministerial coa finalidade de incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/9/UE da Comisión, do 11 de marzo de 2013, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade. A Directiva 2013/9/UE pretende incluír unha referencia explícita á accesibilidade no mencionado anexo III, ao considerar que se trata dun requisito esencial e dun dos requisitos xerais para a interoperabilidade do sistema ferroviario, que se aplica nos seguintes subsistemas: infraestrutura, material rodante, explotación e aplicacións telemáticas ao servizo dos pasaxeiros.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.*

O anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, queda modificado coa adición dos números que se indican a seguir:

Un. Engádesse un novo número 1.6 coa seguinte redacción:

«1.6 Accesibilidade.

1.6.1 Os subsistemas "infraestrutura" e «material rodante» deben ser accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas de mobilidade reducida, co fin de garantir o seu acceso en igualdade de condicións cos demais mediante a prevención ou eliminación de barreiras e demais medidas pertinentes. Isto incluírá o proxecto, a construción, a renovación, a rehabilitación, o mantemento e a explotación dos elementos pertinentes dos subsistemas a que ten acceso o público.

1.6.2 Os subsistemas «explotación» e «aplicacións telemáticas ao servizo dos pasaxeiros» deben ofrecer a funcionalidade necesaria exixida para facilitar o acceso ás persoas con discapacidade e ás persoas de mobilidade reducida en igualdade de condicións cos demais, mediante a prevención ou eliminación de barreiras e demais medidas pertinentes.»

Dous. Engádesse un novo número 2.1.2 coa seguinte redacción:

«2.1.2 Accesibilidade.

2.1.2.1 As infraestruturas a que ten acceso o público deben ser accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas de mobilidade reducida, de conformidade co número 1.6.»

Tres. Engádesse un novo número 2.4.5 coa seguinte redacción:

«2.4.5 Accesibilidade.

2.4.5.1 A parte do subsistema «material rodante» a que ten acceso o público debe ser accesible ás persoas con discapacidade e ás persoas de mobilidade reducida, de conformidade co número 1.6.»

Catro. Engádesse un novo número 2.6.4 coa seguinte redacción:

«2.6.4 Accesibilidade.

2.6.4.1 Débense adoptar as medidas oportunas para garantir que as normas de explotación ofrezan a funcionalidade necesaria exixida para asegurar a accesibilidade das persoas con discapacidade e das persoas de mobilidade reducida.»

Cinco. Engádesse un novo número 2.7.5 coa seguinte redacción:

«2.7.5 Accesibilidade.

2.7.5.1 Débense adoptar as medidas oportunas para garantir que o subsistema de aplicacións telemáticas ao servizo dos pasaxeiros ofrezan a funcionalidade necesaria exixida para asegurar a accesibilidade das persoas con discapacidade e das persoas de mobilidade reducida.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21ª da Constitución Española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que discorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase ao dereito español a Directiva 2013/9/UE da Comisión, do 11 de marzo de 2013, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de marzo de 2014.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.